

REGULAMENTO ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES

As actividades extraescolares dos alumnos e alumnas do C.E.I.P. San Martiño teñen como obxectivo, por un lado, complementar a formación integral dos nenos con actividades lúdico-deportivas e culturais, e por outro facilitar a conciliación laboral das familias coa ampliación da xornada escolar fora do horario lectivo. As citadas actividades son planificadas e organizadas pola ANPA San Martiño de Salcedo.

A participación nas citadas actividades rexerese polo presente regulamento interno, de obrigado cumprimento para todos os nenos e nenas que participan nas mesmas, e as súas familias. Normas:

1. So os socios da ANPA do C.E.I.P. San Martiño poden matricular aos seus fillos nas actividades extraescolares que se organicen durante o curso escolar. Os non socios non están cubertos polo seguro escolar que ofrecemos, e polo tanto non poden participar.
2. Ao inicio de cada curso escolar, a Xunta Directiva da ANPA propondrá as actividades extraescolares a realizar durante o mesmo e que se levarán a cabo entre os meses de outubro e maio ou xuño. De igual xeito, e ao longo do curso, poderá ir propondo todas aquelas outras actividades complementarias que considere oportunas.
3. A Xunta Directiva da ANPA fixará, con anterioridade ao inicio de cada actividade, o custo da mesma. As cotas correspondentes á participación nas actividades dos fillas e fillos de socios da ANPA poderán, se así se considera oportuno, estar bonificadas con respecto ás dos non socios.
4. Co fin de proceder a unha boa organización das actividades e un óptimo desenrolo das mesmas, as altas e baixas en cada unha das

actividades só poderán tramitarse a través da ANPA. Con este fin, a principio de cada curso escolar informarase a todos os pais que membro da Xunta Directiva (ou persoa na que esta delegue) é o encargado da coordinación de cada actividade.

5. Para darse de ALTA nunha actividade é necesario comunicarllelo ao encargado da organización e coordinación da mesma ata o día 21 do mes inmediatamente anterior.

6. Para darse de BAIXA dunha actividade, é necesario comunicarllelo ao encargado da actividade ata o día 15 do mes inmediatamente anterior.

7. O PAGO das actividades realizarase sempre unha semana antes do primeiro día do mes ou trimestre (segundo se determine) na que a actividade teña lugar. Os pagos faranse mediante transferencia á conta bancaria da ANPA, indicando no concepto o nome do neno e a actividade que se paga.

A FALTA DE PAGAMENTO dunha mensualidade implicará a baixa inmediata do alumno na actividade, e se solicitará o pagamento das cotas repercutidas.

8. En caso de falta de asistencia do alumno ou alumna ás actividades, non se procederá á recuperación das horas perdidas, nin se descontarán os días de non asistencia da cota mensual (ou trimestral) xa pagada.

A comunicación da baixa dun neno ou nena da asistencia a unha actividade non dará dereito ao reembolso de cantidade algunha.

9. Os alumnos e alumnas participantes nas actividades deben comprometerse a coidar debidamente os materiais e as aulas do centro e a respectar aos monitores e aos seus compañeiros de actividade.

10. Todos os asistentes ás actividades deberán respectar os horarios de entrada e saída das mesmas. En especial, deberá acudirse con especial puntualidade a recoller aos nenos e nenas ao remate das mesmas.